



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Enfermaría

Curso Académico: 2014/2015

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ENFERMARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 17/02/2016
		Páxina 1 de 18

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	3
3. Plan de Melloras do Centro	; Error! Marcador no definido.
4. Anexo: Informes de seguimento	13

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ENFERMARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 17/02/2016
		Páxina 2 de 18

1. Introducción

A necesidade de introducir a cultura de calidade nos centros pasou de ser unha aspiración crecente entre os membros da nosa comunidade universitaria a convertirse nun imperativo regulado normativamente na institución. Neste sentido, a Facultade de Enfermería da USC ven de seguir os pasos necesarios para a súa acomodación ao proceso global de control e garantía de calidade iniciado xa hai algúns anos na Universidade. O presente documento inscribese dentro dese contexto e nel recóllese información relativa a:

- Sistema de Garantía Interna de Calidade,
- Informe de Seguimento dos títulos impartidos no centro: Grao en Enfermería, Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados e Máster en Xerontoloxía.
- Accións de Melloras propostas nos Títulos
- Plan de Melloras do Centro

A partir da información recollida nestes documentos, e dentro da súa planificación estratéxica, o centro se propón facer unha análise global do seu SGIC.

Con tal fin, a presente Memoria de Calidade do Centro está formada polo seguintes documentos:

- Informe de seguimento/ resultados do SGIC
- Proposta para a revisión/actualización da Programación Plurianual do Centro e Plan de Melloras anual do Centro
- Informes de seguimento/acreditación dos títulos

Con esta Memoria de Calidade da Facultade de Enfermería da USC para o curso 2014-2015 queda pechado o ciclo de calidade anual do centro que se iniciou coa análise do funcionamento de cada un dos títulos e do SGIC segundo se prevé no Procedemento de Medición, análise e mellora (Código: PM-01).

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Enfermería correspondente ao curso 2014-2015 foi elaborada pola Comisión de Calidade do centro e aprobada por dita Comisión de Calidade con data 28 de xaneiro de 2016, sendo posteriormente ratificada en Xunta de Facultade con data 17 de febreiro de 2016.

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ENFERMERÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 17/02/2016
		Páxina 3 de 18

Estrutura da Facultade de Enfermería para o desenvolvemento do SGIC

Ámbito de aplicación. O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2014-2015 afecta a tódalas titulacións impartidas no centro e a tódalas persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2014-2015 foron:

- Grao de Enfermería.
- Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados, con dúas especialidades: Clínica e de Xestión Sanitaria
- Máster Universitario en Xerontoloxía.

O Máster Universitario en Xerontoloxía, impártense conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña.

Documentación de referencia. Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e do Manual do SGIC e procesos asociados, a que se inclúe a continuación:

- Memoria do Grao en Enfermería pola USC.
- Memoria do Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados pola USC.
- Memoria do Máster Universitario en Xerontoloxía
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Enfermería (pendente de aprobación pola Xunta de Facultade)

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo decanal, a Comisión de Calidade, o responsable de calidade do centro, as comisións de título e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un deles en relación co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e tamén no Capítulo 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Enfermería.

As funcións principais da CCC (Comisión de Calidade do Centro) son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.

- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:
 - Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
 - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.

MEMBROS DA CCC

Decana/o da Facultade (presidenta/e)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Coordinador/a de Titulación/s

1 membro do PAS (Xestor/a de Centro ou persoa que designe a Decana/o)

1 alumna/o (preferiblemente alumno/a-titor/a)

Outros membros que a Decana/o considere oportuno propoñer á Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGIC

Actividade da Comisión de Calidade durante o curso 2014-2015:

Data de celebración	Orde do día
14 de xaneiro de 2015	Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación dos másteres de Xerontoloxía e Atención Sanitaria, Xestión e Coidados
5 de febreiro de 2015	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores. 2. Programación de actuacións de seguimento do título. 3. Rogos e preguntas
1 de xullo de 2015	Revisión dos programas das materias de Grao en Enfermería para comprobar a súa adecuación á Memoria da Titulación de Grao aprobada pola ANECA
23 de novembro de 2015	Elaboración e aprobación, se procede, do plan de melloras dos Títulos do Centro e das Memorias de Seguimento dos mesmos

<p>15 de decembro de 2015</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación, se procede, das actas da Comisión de Garantía correspondentes ás reunións celebradas os días 5/02/2015, 1/07/2015, 23/11/2015. 2. Informe. 3. Aprobación, se procede, do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade. 4. Información sobre a revisión das guías para a elaboración do Suplemento Europeo ao Título (SET). 5. Análise da normativa e criterios de avaliación de TFG. 6. Valoración do borrador de Regulamento de Réxime Interno. 7. Rogos e preguntas
-----------------------------------	--

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O obxectivo do Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) é a procura da mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

Os documentos que configuran o SGIC son o "Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos". Ambos os dous documentos, están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade: http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.html

Respecto do "Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade", a Comisión de Calidade do Centro na súa sesión de 15 de decembro de 2015 aprobou o documento que foi remitido á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para a súa revisión. Está polo tanto pendente da súa aprobación definitiva pola Xunta de Centro e pola Comisión delegada do Consello de Goberno da USC polo que a súa exposición pública todavía non é posible.

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ENFERMARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 17/02/2016
		Páxina 6 de 18

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2014-2015 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento (proceso de control dos documentos e dos rexistros, PS-04), estando algúns documentos integrados na Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión (informes de seguimento dos títulos e plans de mellora)

Indicadores do Sistema de Garantía Interna de Calidade

A través da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos pode accederse aos indicadores definidos no SGIC marco para os sucesivos cursos académicos das titulacións da USC. En base a dita información precédese deseguido a realizar unha valoración dos principais indicadores dos títulos impartidos na Facultade cos datos relativos ao curso 2014-2015. A serie completa dos indicadores cos seus valores está accesible no seguinte enlace:

<http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/segtitulos.html>

INGRESO

O número de prazas ofertadas nos tres títulos impartidos na Facultade, permaneceu estable o que indica que non foi necesario axustar a oferta nas distintas titulacións a pesar da escaseza de emprego para as tituladas e titulados, o que reflicte que a falta de contratación deste persoal é un efecto da crise económica e non dunha mala planificación.

Por outra banda e en relación coa adecuación da oferta á demanda que se recolle no indicador IN10G-PC-05 veuse constatando unha tendencia descendente no indicador IN10G-PC-05 no Grao. O valor deste indicador no Grao de enfermaría denota unha falta de correspondencia entre a oferta e a demanda. Tendo en conta que este indicador apunta cara á preferencia da titulación, dedúcese que en torno ao 50% do alumnado de enfermaría da USC escolle esta titulación como primeira opción, ou o que é o mesmo, en menos do 50% do alumnado a elección é vocacional, o que podería xustificar os valores rexistrados polos indicadores de abandono (IN40G-S01-PM-01 e IN41G-S01-PM-01).

A pesar de que nas diversas titulacións impartidas existe alumnado de fóra da nosa comunidade autónoma procedentes tanto do resto do territorio nacional como do estranxeiro, é evidente que a principal fonte da que se nutren é do estudiantado de orixe galega. Aínda que é certo que a existencia dunha demanda insuficientemente satisfeita procedente de alumnado de nosa propia comunidade autónoma está a representar un freo para a adopción de medidas de difusión e

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ENFERMARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 17/02/2016
		Páxina 7 de 18

captación de estudantes doutras latitudes, sería desexable por motivos obvios unha maior presenza de alumnado de procedencia diversa que garantizase o adecuado intercambio cultural e difusión da oferta formativa da USC.

En relación cos másteres, o de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados continúa a ter lista de espera para a súa admisión. Dito máster conxuntamente co máster de Xerontoloxía constitúen dous dos másteres nos que en virtude dos datos de oferta e demanda, responden as necesidades socio-sanitarias da poboación. En ambos os dous masterés incrementouse a participación de estudantes doutras comunidades/países.

MOBILIDADE

No caso do Grao de Enfermería o alumnado procedente doutras universidades foi os que se detalla a continuación:

SICUE: 5 no curso académico 2012/13 [Rovira i Virgili (n=1), Cádiz (n=2) e Sevilla (n=2)] e 2 no 2013/14 [País Vasco (n=1) e Rovira i Virgili (n=1)]

ERASMUS: 11 no curso académico 2012/13 [Cooperativa de Ensino Superior Politécnico e Universitario (CESPU) (n=4); Escola Superior de Enfermagem de Porto (n=2); Laurea University of Applied Sciences (n=2); Universidade do Minho (n=1); Instituto Politécnico de Portalegre (n=2)] e 11 no 2013/14 [Instituto Politécnico de Portalegre (n=1); Cooperativa de Ensino Superior Politécnico e Universitario (CESPU) (n=4); Instituto Piaget (n=2); Escola Superior de Enfermagem de Porto (n=1); Università Degli Studi Dei Napoli Federico II (n=3)]

CONVENIO BILATERAL: 3 no curso académico 2012/13 [Autónoma de Tamaulipas-Mexico (n=1); Iberoamericana-Mexico (n=1); Instituto Politecnico Nacional-Mexico (n=1)] e 6 no 2013/14 [Juarez do Estado de Durango-Mexico (n=2); Nacional Autonoma de Mexico (n=1); Autonoma Baja California-Mexico (n=2); Centro universitario Univotes-Brasil (n=1)].

A facultade de enfermaría ten acordos con distintas Universidades (táboa 1), os cales aumentaron nos dous últimos cursos académicos (19 no curso académico 2011/13 e 25 no curso académico 2013/14) a expensas do programa SICUE.

A mobilidade dos estudantes está condicionada pola axuda económica percibida. A diminución que se produciu nesta é un factor que inflúe negativamente na mobilidade dende o centro.

En canto á porcentaxe de estudantes das nosas titulacións que se acolleron a algún programa de

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ENFERMARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 17/02/2016
		Páxina 8 de 18

movibilidade segue a ser moi baixo (2.42 %).

No que se refire aos másteres, do mesmo xeito que se indicaba na análise do perfil de entrada, a ausencia de procesos de intercambio de alumnado representa un punto débil. Sen dúbida, a reducida duración dos estudos de máster representa unha barreira de difícil solución para os programas de mobilidade.

RECURSOS HUMANOS

Con respecto aos datos relativos á titulación de Grao da Facultade de Enfermería, a pesar de que o cociente de estudantes por profesor a tempo completo na Facultade de Enfermería é superior que o rexistrado noutras titulacións de ciencia da saúde como medicina ou odontoloxía cremos que a proporción é razoable. A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no grao de enfermaría é alto, a pesar de que os profesores Asociados ou interinos non poden ter sexenios acreditados, polo que sendo enfermaría un Grao cunha elevada porcentaxe de profesores asociados, o indicador IN24G-PS-01 resulta pouco útil. Sería mellor utilizar un indicador que reflectise o número de PDI con acreditación, o que recollería de maneira máis fidedigna a actividade investigadora. Respecto da porcentaxe de PDI doutor no Grao de Enfermería é de aproximadamente o 50%, inferior ao rexistrado en medicina e odontoloxía. Esta baixa porcentaxe podería ser debida a que non é un requisito para o profesorado Asociado nin Titular de Escola Universitaria estar en posesión do grao de doutor. Dado que o ser Doutor/a non garante unha actividade investigadora recente, que cremos necesaria para impartir docencia no Grao de Enfermería, sería máis oportuno buscar outros indicadores (ex. artigos publicados, teses dirixidas nos últimos 5 anos, proxectos de investigación subvencionados ou contratos). Aproximadamente o 50% da docencia é impartida por profesorado funcionario. Neste indicador existe sen embargo unha tendencia descendente (compartida por outras titulacións de ciencias da saúde), o que parece estar poñendo de relevo unha falta de estabilización do persoal docente como efecto da crise.

En relación cos másteres, os indicadores relativos a recursos humanos poñen de relevo o mantemento nas distintas edicións do máster dun persoal de profesorado caracterizada por unha alta capacitación e especialización que se pon de manifesto sobre todo polo elevado número de profesoras e profesores con sexenios, publicacións, teses dirixidas e proxectos/contratos no Máster de Atención Sanitaria. A existencia de sexenios, número de publicacións ou acreditación é garantía dunha actividade investigadora recente a diferenza do doutoramento, ou da categoría de funcionario,

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ENFERMARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 17/02/2016
		Páxina 9 de 18

que a pesar de ser un criterio de calidade con resultados moi positivos en ambos másteres, non expresan necesariamente a existencia dun hábito investigador.

A especialización do profesorado contribúe a salvar a brecha entre o mercado laboral e o ámbito académico.

RESULTADOS

A análise dos indicadores de resultados refrexa unha situación, aínda que millorable, claramente aceptable. As taxas de éxito no grao (96%), duración dos estudos (4,1 anos), rendemento (91%), e avaliación (95%) sitúanse en niveis moi favorables. Cabe citar como aspecto claramente mellorable o nivel de resposta na enquisa sobre satisfacción do alumnado coa docencia recibida (30%), problema que compartimos co resto das titulacións da USC.

Respecto dos indicadores nos másteres, os resultados tamén son moi alentadores: Taxas de éxito do 100% en ambos os dous másteres; taxas de rendemento do 91% e do 98% (Máster de Atención Sanitaria e de Xerontoloxía respectivamente); e taxas de avaliación cos mesmos valores 91% e 98%. En canto á duración media dos estudos, os resultados de 1 e 2,1 anos respectivamente nos másteres de Atención Sanitaria e Xerontoloxía teñen que ser interpretados coidadosamente. Concretamente, aquelas ocasións nas que o tempo excede o ano, podense atribuír na maioría das ocasións a que o máster pode ser realizado a tempo parcial.

Informes de seguimento

Durante os meses de outubro e novembro de 2015 procedeuse por parte das Comisións Docentes de Grao, Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados e Máster de Xerontoloxía á elaboración dos respectivos informes de seguimento dos diferentes títulos coas correspondentes propostas de plans de mellora¹, que tras ser remitidas á Comisión de Calidade do Centro pasaron a configurar o Plan de Melloras do Centro². Con data 26 de novembro de 2015 foron remitidos á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos os Informes de seguimento do Grao de Enfermería e dos másteres de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados e de Xerontoloxía.

¹ Nas propostas de plans de mellora incluíronse as preceptivas accións de mellora dos informes de acreditación

² Debidamente documentado a través da AASX

3. Plan de Melloras do Centro

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1	Grao	Escaseza de convenios	Asinación de novos convenios para aumentar a oferta de destinos posibles de intercambio de estudantes. Aumento de mobilidade de estudantes.	En realización	Responsable de mobilidade	Decembro de 2016
AM-2		Baixa participación do alumnado na cumprimentación de enquisas de satisfacción da docencia recibida	Aumento de cumprimentación de enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	En realización	Vicedecano de calidade	Decembro de 2016
AM-3		Elevada taxa de abandonos	Coñecer as causas da taxa de abandonos RD 1393	En realización	Vicedecano de calidade	Febreiro de 2016
AM-4		Necesidade de coñecer a satisfacción do alumnado coa docencia recibida nas prácticas tuteladas mediante unha enquisa específica. Proponse como proposta de mellora no informe de seguimento 2013-2014	Elaboración dunha enquisa específica de prácticas tuteladas para o Grao de Enfermería	En realización	Área de Calidade e Mellora de Procedementos/Coordinadoras de prácticas tuteladas da Facultade de Enfermería e da Escola Adscrita de Enfermería (Campus de Lugo)/Comisións de Prácticas	marzo de 2016
AM-5		Escasa información na web dos centros	Comunicación previa do sistema de acollida	Completada	Coordinadora de Grao	Setembro 2015
AM-6		Mellorar a divulgación do sistema de acollida	Comunicación previa ao alumnado do sistema de acollida	Completada	Coordinadora de Grao	Setembro 2015
AM-7		Necesidade de formar a novos colaboradores docentes de prácticas tuteladas	Formación de novos colaboradores docentes de prácticas tuteladas	En fase de programación	Coordinadoras de prácticas de ambos centros/Comisións de prácticas	decembro 2016
AM-8		Ausencia análise de taxas de resultados	Recoller documentalmente a análise dos indicadores do rendemento académico	Informe elaborado	Responsable de Calidade do Centro/Secretaría do Centro/Comisión SGIG/Comisión Académica de Grao	Novembro 2015

LISTAXE DE ACCIÓNS


ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1	Punto débil detectado	Modificación do título	Completada	Coordinadora do máster/Universidade de Santiago de Compostela	Curso académico 2016-2017	
AM-2	Punto débil detectado "Información sobre organización e desenvolvemento de prácticas externas"	Elaboración dunha guía de prácticas externas	Completada	Comisión Académica, Coordinadora de Prácticas, Responsable de Docencia da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, Responsable de Docencia e Investigación do 061, Vicerreitorado de Oferta Docente e Innovación Educativa, Área de Calidade e Mellora de Procedementos	Curso académico 2014-2015	
AM-3	Ausencia de evidencias	Recollida da información na aplicación informática que recentemente se ten desenvolvido ao efecto	Finalizado en pdf	Vicedecano de calidade	2016	
AM-4	Ausencia de evidencias	Recoller documentalmente a análise dos indicadores do rendemento académico	Informe elaborado	Comisión SGIC	Novembro de 2015	
AM-5	Guías incompletas, con incoherencias	Revisar competencias asociadas a materias. Manter o fluxo de información entre os profesores de cada materia. Divulgar a través da páxina web do centro as guías docentes	Completada	Comisión Académica, Profesores responsables das asignaturas	Cursos académicos 2014-2015; 2015-2016	

Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1	Guías incompletas	Revisar as competencias asociadas ás materias Divulgar a través da páxina web das universidades e centros as guías docentes	Parcialmente completada	Comisión Interuniversitaria, Comisións Académicas dos Centros, profesores responsables das asignaturas	Cursos académicos 2014-2015; 2015-2016	
AM-2	Información sobre a organización e desenvolvemento do Practicum (Prácticas Externas)	Mellorar a información recibida polo alumnado con respecto ao Practicum	Parcialmente completada	Comisión Interuniversitaria, Comisións Académicas dos Centros, profesores responsables das asignaturas	2014-2015	
AM-3	Organización e desenvolvemento do Traballo Fin de Máster	Mellorar a organización e información recibida polo alumnado con respecto ao Traballo Fin de Máster	Parcialmente completada	Vicerreitorados correspondentes, Comisión Interuniversitaria, Comisións Académicas dos Centros, profesores responsables das asignaturas	2014-2015	
AM-4	Guías docentes. Contidos similares nas asignaturas en común	Manter o fluxo de información entre os profesores de cada materia. Actualización dos contidos dacordo coas necesidades de formación	Completada	Comisión Interuniversitaria, Comisións Académicas dos Centros, profesores responsables das asignaturas	2014-2015	
AM-5	Incoherencias na información pública do máster en cada unha das universidades	Divulgar a información del Máster	Parcialmente completada	Vicerreitorados correspondentes, Comisión Interuniversitaria, Comisións Académicas dos Centros	014-2015	
AM-6	Insuficiente coordinación que impide garantir a transmisión de contidos e a adquisición de competencias nas asignaturas	Manter o fluxo de información entre os profesores de cada materia. Actualización dos contidos de acordo coas necesidades de formación	Parcialmente completada	Comisión Interuniversitaria, Comisións Académicas dos Centros, profesores responsables das asignaturas e Comisión de Garantía de Calidade	2014-2015	
AM-7	Necesidade de aumentar a matrícula para o curso 2015/2016	Divulgar a información do Máster. Aumentar o alumnado matriculado	Parcialmente completada	Reitorados, Comisión Interuniversitaria, Comisións Académicas dos Centros	2014-2015	
AM-8	Non se realizou a enquisa de satisfacción aos empregadores	Recoller a información, analizar e establecer accións de mellora deste grupo de interese	En realización	Comisión de Garantía de Calidade, e PAS de Calidade	Xuño de 2015	

Máster de Xerontoloxía

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTADE DE ENFERMARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 17/02/2016
			Páxina 13 de 18

As accións de mellora propostas responden a: (a) continuidade das accións iniciadas no curso académico 2008-2009 coa posta en marcha das novas titulacións impartidas na Facultade de Enfermería, dirixidas a mellora las infraestruturas docentes e Material para a docencia; (b) a novas accións surtidas de debilidades detectadas nos informes de seguimento; (c) o mantemento das fortalezas detectadas na reacreditación dos títulos

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM1
		Tipo	Enquisa propia
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Facultade de Enfermería
		Análise causa	No existe unha enquisa que recolla aspectos relativos a prácticas clínicas ou prepracticum/casos simulados
	Definición	Definición/descripción proposta	Elaboración de enquisa específica
		Data prevista de finalización	Curso 2015-2016
		Data inicio	2016
Responsables	Responsable da implantación	Coordinadores titulacións/responsable prácticas	
Tarefa1	Código	AM1	
	Descrición tarefa	Elaboración da enquisa	
	Data prevista de finalización	abril 2016	
	Persoa responsable	Coordinadores titulacións/responsable prácticas	
Subtarefa 1	Código	AM1.1	
	Descrición tarefa	Revisión de enquisas doutros centros/ universidades	
	Data prevista de finalización	abril 2016	
	Persoa responsable	Coordinadores titulacións/responsable prácticas	
Finalización	Estado	iniciado	
	Data estado	28-01-2016	


 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ENFERMARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 17/02/2016
		Páxina 14 de 18

	Comprobación	Recopilada información universidades/centros
	Data comprobación	28-01-2016
Tarefa2	Código	AM1.2
	Descrición tarefa	Deseño da enquisa
	Data prevista de finalización	maio 2016
	Persoa responsable	Coordinadores titulacións/responsable prácticas
Finalización	Estado	Pendente finalización tarefa 1
	Data estado	28-01-2016
	Comprobación	Aún en execución da tarefa 1
	Data comprobación	28-01-2016

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM2
		Tipo	Material docente de simulación
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Facultade de Enfermería
		Análise causa	<p>Os/as coordinadores das titulación de Grao de Enfermería e de Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados foron responsables da implantación da simulación na docencia de grado de máster dende o ano 2008 ata actualidade, constatando os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mellora a adquisición das competencias polo alumnado. ▪ Mellora a resposta do alumnado ante situacións clínicas existentes na atención primaria e especializada. ▪ Favorece a adquisición de patróns de actuación no ámbito clínico. ▪ Favorece a interacción entre o alumnado e o profesorado.
		Definición/descrición proposta	Adquisición de simulador/es e planificación da incorporación na docencia interactiva de laboratorios
		Data prevista de finalización	Curso 2015-2016
		Data inicio	2016
Responsables	Responsable da implantación	Coordinadores titulacións	
Tarefa1	Código	AM2.1	
	Descrición tarefa	Planificación da incorporación da simulación nas materias con docencia interactiva.	
	Data prevista de finalización	Curso 2015-2016	
	Persoa responsable	Coordinadores titulacións/responsable prácticas	
Finalización	Estado	iniciado	
	Data estado	28-01-2016	

	Comprobación	Análise por materia
	Data comprobación	28-01-2016

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM3
		Tipo	Actividades formativas para o alumnado
	Definición	Ámbito de aplicación	Facultade de Enfermería/Biblioteca Facultad de Medicina/Odontología/Enfermería
		Análise causa	Demanda por parte do alumnado; Melora na adquisición de competencias
		Definición/descrición proposta	Desenvolvemento de curso de elaboración de TFG/TFM e de xestión de competencias informacionais dirixido ao alumnado
		Data prevista de finalización	Curso 2016-2017
		Data inicio	Xaneiro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Director da Biblioteca da Biblioteca Facultad de Medicina/Odontología/Enfermería e Coordinadoes das materias	
Tarefa 1	Código	AM3	
	Descrición tarefa	Planificación e desenvolvemento do curso	
	Data prevista de finalización	Curso 2015-2016	
	Persoa responsable	Director da Biblioteca da Biblioteca Facultad de Medicina/Odontología/Enfermería e Coordinadoes das materias	
Finalización	Estado	iniciado	
	Data estado	28-01-2016	
	Comprobación	Curso de competencias informacionais deseñado	
	Data comprobación	28-01-2016	

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE ENFERMARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 17/02/2016
		Páxina 17 de 18

4. Anexo: Informes de seguimento

Tal e como se fixo constar neste mesmo documento, con data 26 de novembro de 2015 foron remitidos á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos os Informes de seguimento do Grao de Enfermería e dos másteres de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados e de Xerontoloxía. Unha vez aprobados ditos Informes estarán disponibles na páxina web do centro no apartado de calidade accesible a través do seguinte enlace:

http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.html